

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

EXTRACTO da Orde do 16 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para apoiar iniciativas de emprendemento e se procede á súa convocatoria para a anualidade de 2026 (código de procedemento TR880A).

BDNS (Identif.): 880743.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/880744>

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/880745>

Os códigos asignados pola BDNS corresponden a un mesmo texto de convocatoria.

Primeiro. *Persoas, entidades beneficiarias e requisitos*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas traballadoras autónomas, mutualistas e as pequenas e medianas empresas segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, e as sociedades cooperativas e laborais, que cumpran os dous requisitos seguintes: que se constituán ou dean de alta, segundo a natureza xurídica da entidade de que se trate, e que iniciasen a súa actividade económica desde o 1 de xaneiro de 2024, de conformidade co establecido no artigo 1.

2. As persoas interesadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter o domicilio fiscal en Galicia.
- b) Ter presentado, de ser o caso, as contas anuais do último ano no Rexistro Mercantil ou no Rexistro de Cooperativas, segundo corresponda á súa forma xurídica.
- c) Terse constituído ou dado de alta, segundo a natureza xurídica da entidade de que se trate, e ter iniciado a súa actividade económica no período que transcorre entre o 1 de xaneiro de 2024 ata a data de presentación da solicitude.
- d) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.



e) Estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social para obter subvencións.

f) Non ter sido sancionadas mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.

3. Non poderán ser beneficiarias desta subvención aquelas iniciativas de emprendemento que obtiveran resolución favorable ao abeiro da Orde do 28 de xuño de 2023 (DOG núm. 127, do 5 de xullo), da Orde do 16 de xaneiro de 2024 (DOG núm. 25, do 5 de febreiro) e da Orde do 28 de abril de 2025 (DOG núm. 90, do 13 de maio).

Segundo. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas cales se rexerá a convocatoria pública de subvencións de apoio ao emprendemento para as persoas traballadoras autónomas e pequenas e medianas empresas, incluídas as cooperativas e sociedades laborais, que se atopen de alta e iniciasen a súa actividade económica desde o 1 de xaneiro de 2024 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para a anualidade de 2026 (código de procedemento TR880A).

A finalidade é facilitar as iniciativas de emprendemento, contribuíndo ao incremento da súa actividade económica e á súa competitividade e, en definitiva, mantendo empregos de calidade, a través do apoio ao financiamento do investimento realizado e pagado entre o 1 de xullo de 2025 e a data da presentación da solicitude.

Terceiro. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínanse seis millóns setecentos mil euros (6.700.000 €).

Cuarto. *Prazo de presentación de solicitudes*

As axudas previstas nesta convocatoria poderanse solicitar desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 2 de marzo de 2026.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2026

José González Vázquez
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

CVE-DOG: cbcgnyf5-yz9-i1s9-mcx2-qracb15cwiy5

